

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 11.07.2025 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de xullo de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 27683 (12/CPC-000091)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da oferta formativa nos centros de formación dependentes da Consellería do Medio Rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 214f2, do 25.06.2025

Punto 2. Preguntas

- 2.1 27612 (12/POC-004462)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posibilidade de promover na Escola Agraria de Alta Montaña Pena do Pico, de Becerreá, unha oferta formativa en materia de apicultura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 214f2, do 25.06.2025
- 2.2 26772 (12/POC-004343)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre a emerxencia fitosanitaria que representa o cancro do castiñeiro e as previsións do Goberno galego en canto ás medidas para frear a súa expansión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 208f3, do 11.06.2025
- 2.3 27463 (12/POC-004439)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e Fernández Fernández, Secundino
Sobre o traballo e as previsións da Consellería do Medio Rural na loita contra a praga da avésa do castiñeiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 214f2, do 25.06.2025

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.



Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2025

María
Encarnación
Amigo Díaz

Maria Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María

Encarnación Amigo Díaz

Nombre de reconocimiento (DN):

cn=María Encarnación Amigo Díaz, ®

email=maria.amigo.diaz@parlament
odegalicia.es

Fecha: 2025.07.07 12:02:31 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/07/2025 12:02:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 07/07/2025 12:53:37
Nº Rexistro: 7944
Data envío: 07/07/2025 12:53:37.726

CSV: REXPG-TW4wHFDNp-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/07/2025 12:53:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 07/07/2025 12:53:37
Nº Rexistro: 7944
Data envío: 07/07/2025 12:53:37.726

CSV: REXPG-TW4wHFDNp-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Encarnación Amigo Díaz	P
Vicepresidente	
José Manuel Mato Díaz	P
Secretaria	
Montserrat Valcárcel Armesto	BNG

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Enrique Barreiro Sánchez	P
Cristina Campero Dorado	P
Juan Manuel Casares Gándara	P
Secundino Fernández Fernández	BNG
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
Ángel Rodríguez Conde	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Cecilia Vázquez Suárez	P
Sonia Vidal Lamas	BNG
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 27683(12/CPC-000091)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da oferta formativa nos centros de formación dependentes da Consellería do Medio Rural

Publicación da iniciativa, 214f2, 25.06.2025

Asunto: Solicitud de comparencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparencia a petición propia -ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes- do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para **informar da oferta formativa nos centros de formación dependentes da Consellería do Medio Rural.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSX-REXPG-0eeH600E7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
19/06/2025 11:25:45

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 11:25:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 11:25:48
Nº Rexistro: 27683
Data envío: 19/06/2025 11:25:48.493



CSV REXPC-UDeeH00E-7
Verificar
<https://seste.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 27612(12/POC-004462)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da
posibilidade de promover na Escola Agraria de Alta Montaña
Pena do Pico, de Becerreá, unha oferta formativa en materia
de apicultura

Publicación da iniciativa, 214f2, 25.06.2025



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:43:02
Nº Rexistro: 27612
Data envío: 18/06/2025 16:43:02,558

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A Escola de Alta Montaña da Pena do Pico de Becerreá, a única dos Ancares que ofrece formación profesional, pertence á Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería de Medio Rural.

Non é un centro de formación calquera, xa que imparte as clases de maneira totalmente práctica nas súas instalacións. Contan cunha leira de 75 hectáreas, unha explotación de demostración de vacas louras, cabalos galegos, e unha gran variedade de maquinaria. Ensinan a empregar tractores, motoserras ou rozadoras.

Conta actualmente con dúas titulacións :

- 1.- Aproveitamento e conservación do medio natural.
Este ciclo céntrase no aproveitamento e nas accións de repoboación forestal, así como de restauración ou ordenación hidrolóxico-forestal e de aproveitamento forestal. Tamén se trata o control e a vixilancia do medio natural, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións forestais, atendendo á normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.
- 2.- Xestión forestal e do medio natural.
No ciclo ensínase a programar, organizar, supervisar e realizar os traballos no monte e en viveiros, controlando e protexendo o medio natural e capacitando ás persoas para a conservación e a mellora ambiental.

Son titulacións con moi boa empregabilidade, onde continuamente chegan ofertas de empresas que buscan persoal ademais de ser ciclos nos que o alumnado mostra moita satisfacción por cursalos.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:43:02
Nº Rexistro: 27612
Data envío: 18/06/2025 16:43:02.558

Debemos ter en conta tamén que a formación agraria constitúe unha formación imprescindible para todas aquelas persoas que queren poñer en marcha novos proxectos produtivos vinculados aos sectores gandeiros, agrarios e forestais.

A principal fortaleza da FP agraria desde o noso punto de vista é que se trata dun sector que forma parte da nosa identidade cultural e económica. Contamos con tradición no sector agroforestal e en Galicia temos un gran potencial que aínda ten moita marxe de desenvolvemento.

Ademais é unha formación moi ligada ao medio natural e á produción de alimentos, o que, nun contexto como o actual de crise ambiental e económica, é imprescindible se queremos ter unha sociedade máis resiliente: ter a profesionais formados, con sensibilidade ambiental e cunha capacidade de análise dos problemas e as solucións medio ambientais contribuirá a manter un medio ambiente máis san e cunha produción máis sostible.

Nos centros dependentes da Consellería do Medio Rural levase impartindo ciclos de formación profesional agraria desde o ano 1997 grazas a un convenio asinado nese ano entre a que naquel momento era a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Tamén é importante incidir outra vez na importancia que ten a formación no autoemprego, que tamén se configura como unha opción cada vez de maior relevancia para asegurar a produción de alimentos e o mantemento da poboación no medio rural. A formación agraria é unha peza moi importante para conseguir un medio rural vivo e con futuro.

Na montaña lucense a apicultura esta adquirindo unha gran importancia socioeconómica e ecolóxica, xa que contribúe cada vez mais á economía familiar, e non en poucos casos é un medio de vida xa para mozos apicultores.

Xeralmente esta actividade asóciase unicamente con produción de mel, pole, xelea real e propóleos, con todo, as abellas son fundamentais para un equilibrio do medio ambiente xa que ao obter o alimento das flores fomentan nas plantas a capacidade de fecundarse.



A apicultura é unha actividade agropecuaria enfocada á crianza de abellas, dándolles os coidados necesarios para obter os produtos que elaboran para ser comercializados.

A historia da apicultura vai da man coa evolución do home, desde o cazador nómade ao agricultor sedentario.

Dos pobos que practicaban esta actividade os exipcios foron os que con maior detalle deixaron evidencia desta actividade, desde o tipo de colmea ata o proceso de recolección de mel e a forma en que era almacenada e preservada.

Non hai na provincia ningunha formación regrada nesta actividade polo que é de interese promover formación en capacitación agraria neste ámbito, atendendo tamén á a crecente demanda dos produtos elaborados polas abellas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia impulsar unha nova oferta formativa en materia de apicultura na Escola de Alta Montaña Pena do Pico de Becerreá?

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/06/2025 16:40:00
Enrique Barreiro Sánchez na data 18/06/2025 16:40:09
Cristina Campero Dorado na data 18/06/2025 16:40:25
Juan Manuel Casares Gándara na data 18/06/2025 16:40:55
Nicole Grueira Fernández na data 18/06/2025 16:41:15
José Mato Díaz na data 18/06/2025 16:41:43
Ángel Rodríguez Conde na data 18/06/2025 16:41:58
Cecilia Vázquez Suárez na data 18/06/2025 16:42:16
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 18/06/2025 16:42:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:43:02
Nº Rexistro: 27612
Data envío: 18/06/2025 16:43:02.558

CSV REXPG-JDkuaSSE-8
Visión:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/06/2025 16:43:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:43:02
Nº Rexistro: 27612
Data envío: 18/06/2025 16:43:02.558



CSV REXPG-JDkuaSSE-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 26772(12/POC-004343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a emerxencia fitosanitaria que representa o cancro do castiñeiro e as previsións do Goberno galego en canto ás medidas para frear a súa expansión

Publicación da iniciativa, 208f3, 11.06.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 11:13:44
Nº Rexistro: 26772
Data envío: 04/06/2025 11:13:44.996

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A persistencia e avance do chancro do castiñeiro está a provocar alarma social nas zonas produtoras, perdas severas na produción de castaña e nas rendas das familias da montaña do rural que aproveitan este recurso, e na biodiversidade do monte galego.

A situación é particularmente grave na provincia de Ourense, onde as persoas afectadas denuncian a ineficacia de moitas das intervencións realizadas nas últimas dúas décadas. A falta dun diagnóstico actualizado sobre o funcionamento real das cepas hipovirulentas impide deseñar estratexias eficaces de control, mentres a enfermidade continúa avanzando e o abandono dos soutos, e as malas prácticas selvícolas e o cambio climático, aceleran a súa degradación.

O Goberno galego debe actuar ante esta emerxencia fitosanitaria, que ameaza un legado ecolóxico e cultural de tradición milenaria. Ante a alarmante expansión do chancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*) na provincia de Ourense e por elo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa actuar o Goberno galego ante a emerxencia fitosanitaria que está provocando a expansión do chancro do castiñeiro que ameaza un legado ecolóxico e cultural de tradición milenaria, en particular na provincia de Ourense?
2. Que medidas concretas vai adoptar?

Asinado o día 04/06/2025 ás
11:10
Por Lara Méndez López

Asinado o día 04/06/2025 ás
11:10
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: REVPG-mzOLMAps-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 11:13:44
Nº Rexistro: 26772
Data envío: 04/06/2025 11:13:44.996

3. Pensa elaborar un censo de masas forestais afectadas por comarcas?
4. Vai o Goberno galego a actualizar e reforzar o programa de control biolóxico do chancro do castiñeiro, incorporando os resultados do diagnóstico e as recomendacións científicas máis recentes, incluídas as da Estación Fitopatolóxica do Areeiro e outros centros de investigación especializados?
5. Ten previsto o Goberno galego elaborar un plan estratéxico específico para a provincia de Ourense?
6. E poñer en marcha campañas de divulgación e formación dirixidas a produtores, gandeiros, apicultores e propietarios forestais, para fomentar a detección temperá, o manexo axeitado das árbores afectadas e as boas prácticas silvícolas que contribúan á resiliencia do castiñeiro fronte a enfermidades e pragas?

Santiago de Compostela, a 4 de xuño do 2025

CSV REXPO-m20LMbps-3
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/06/2025 11:10:43

Lara Méndez López na data 04/06/2025 11:10:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 11:13:44
Nº Rexistro: 26772
Data envío: 04/06/2025 11:13:44.996



CSV REXPO-m20LMbps-3
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/06/2025 11:13:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 11:13:44
Nº Rexistro: 26772
Data envío: 04/06/2025 11:13:44.996



CSV REXPO-m20LMbps-3
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 11.07.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 27463(12/POC-004439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e Fernández Fernández,
Secundino

Sobre o traballo e as previsións da Consellería do Medio
Rural na loita contra a praga da avespa do castiñeiro

Publicación da iniciativa, 214f2, 25.06.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:14:24
Nº Rexistro: 27463
Data envío: 16/06/2025 13:14:24.712

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a avespiña do castiñeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das maiores ameazas para o cultivo de castiñeiro é a avespiña asiática do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), a cal interrompe o crecemento dos brotes e limita a produción de froito.

Desde que no ano 2014 fora detectada nas provincias de Lugo e Ourense, os souts e castiñeiros galegos levan rexistrando desde ese momento a presenza da avespiña que a día de hoxe está practicamente estendida pola nosa xeografía presentando porcentaxes de incidencia cada ano máis altos ata o punto de constituír a máis seria ameaza para a produción de castaña.

Actualmente, este insecto figura no Anexo III (Lista de zonas protexidas e respectivas pragas cuarentenarias de zonas protexidas e os seus códigos respectivos) do Regulamento de Execución (UE) 2019/2072 e está incluído na lista A2 da EPPO.

O control biolóxico da avespiña do castiñeiro baséase na utilización do seu inimigo natural, o parasitoide *Torymus sinensis*, que se desenvolve no interior das agallas e rompe o ciclo biolóxico da praga da avispiña (*Dryocosmus kuriphilus*). Este parasitoide foi introducido con éxito en Xapón, Italia e España, entre outros lugares, con reducións significativas da presenza de agallas varios anos despois de iniciar as soltas do mesmo.

Asinado o día 16/06/2025 ás 13:13
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 16/06/2025 ás
13:13
Por Montserrat Valcárcel Armesto

CSV: REVPG-MOR6mVcS-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
go-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:14:24
Nº Rexistro: 27463
Data envío: 16/06/2025 13:14:24.712

A Consellería empezou o combate desta praga desde 2016 coa solta de Torymus, procedentes de Italia, pero dun xeito experimental, e sempre en cantidades claramente insuficientes como para frear a expansión da avespiña que cada ano coloniza máis árbores.

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da avespiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

Non coñecemos como, nin cando, se levaron a cabo as soltas do parasitoide Torymus, e non hai notificación das zonas onde se realizan nin instrucións ó respecto para os propietarios/as de soutos e novas plantacións; mentres que noutras comunidades autónomas onde se realizaron soltas de Torymus si hai divulgación de como facer para non interferir no desenvolvemento do individuo e favorece-la súa expansión e eficacia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a razón pola que non se divulgou no seu momento en que zonas xeográficas se ían facer soltas de torymus sinensis?

-Non cre a Consellería de Medio Rural na conveniencia de organizar charlas e fornecer de material divulgativo a aqueles propietarios de soutos e novas plantacións de castiñeiros co obxecto de non entorpece-la instalación de poboacións do predador da avespiña?

-Cal é a incidencia, ás luces da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da avespiña e a onde chegou a súa expansión este último ano?



CSV REXPG-MQR6mVcS-7

Verificado

<https://seida.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:14:24
Nº Rexistro: 27463
Data envío: 16/06/2025 13:14:24.712

-Cales son as previsións iniciais de encomenda de individuos torymus sinensis para o ano próximo vista a expansión en áreas xeográficas e en intensidades?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPG-MQR6mVcS-7

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/06/2025 13:13:43
Secundino Fernández Fernández na data 16/06/2025 13:13:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:14:24
Nº Rexistro: 27463
Data envío: 16/06/2025 13:14:24.712

CSV REXPG-MQR6mVaCS-7
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 13:14:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:14:24
Nº Rexistro: 27463
Data envío: 16/06/2025 13:14:24.712



CSV REXPG-MQR6mVaCS-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

